

A D.O. Ribeira Sacra afronta a primeira fin de semana oficial de vendima con 1.323.239 quilos de uva recolleitos

A **D.O. Ribeira Sacra** fixaba como data recomendada para o inicio oficial da vendima o 16 de setembro, aínda que algunhas adegas iniciaron a recollida de uva de determinadas variedades nalgunhas parcelas o pasado 28 de agosto, comezando os traballos de vendima na subzona Ribeiras do Sil.

A piques de afrontar a primeira fin de semana de vendima desde a data recomendada polo Consello Regulador da Denominación de Orixe para o inicio dos traballos, levan recolleitos **1.323.239 quilos**, que por variedades distribúense do seguinte modo:

Variedades tintas

- **Mencia 873.802 quilos**
- Merenzao 40.027 quilos
- Garnacha 25.119 quilos
- Brancellao 17.887 quilos
- Caíno tinto 16.042 quilos
- Tempranillo 7.058 quilos
- Sousón 6.704 quilos
- Mouratón 789 quilos
- Grao Negro 0 quilos

Variedades brancas

- **Godello 265.873 kilos**
- Albariño 31.875 quilos
- Treixadura 22.931 quilos
- Dona Branca 5.016 quilos
- Torrontés 3.060 quilos
- Loureira 629 quilos
- Blanco Lexítimo 427 quilos